

ALEGACIONES CCOO BORRADOR ROC EOI MESA SECTORIAL 11 DE MARZO DE 2010

Para CCOO é indispensable o compromiso da Administración para negociar con urxencia a Orde de desenvolvemento do ROC. Non nos valería establecer a concreción con circulares.

É positivo que se poidan impartir cursos a colectivos profesionais e a profesorado pero non en detrimento das outras ensinanzas que son as fundamentais das EEOOII. Estes cursos teñen que estar planificados coa suficiente antelación antes da elección de horarios e reforzados coa formación pertinente do profesorado e en base á memoria realizada pola propia escola.

Reclamamos un incremento de EEOOII trasformando as seccións en escolas ao chegar a un número determinado de alumnado.

A amplitude do horario de apertura dos centros así como das ensinanzas que neles se imparten esixen a figura da vicedirección e da 2ª xefatura de estudos en todos eles. Asimesmo, en todas as seccións debe haber un xefe de estudos independentemente do número de profesorado que nelas haxa.

Cando calquera cargo directivo ou de coordinación didáctica deba ser substituído por ausencia do titular o persoal que pase a desempeñar o cargo debe disfrutar dos mesmos dereitos laborais, económicos e administrativos que o titular. CCOO adxunta xurisprudencia doutras Comunidades Autónomas neste sentido para avalar a súa petición.

Cando se produza un cese de un cargo directivo ou de coordinación didáctica por petición propia debe ser suficiente a admisión pola dirección do centro sen que teñan que corroboralo a inspección ou a xefatura territorial.

Nas seccións a recepción de documentación debe recaer no persoal administrativo do centro onde se ubica e non por parte da xefatura de estudos.

En CCOO. entendemos que un profesorado en situación de incapacidade temporal para

desenvolver as súas funcións docentes non sempre está incapacitado para asistir a estes órganos. Debera regularse a posibilidade con prescrición médica de asistencia do docente con incapacidade temporal. Sobre todo naqueles casos en que nos órganos se van a tratar cuestións que lles afectan directamente, por exemplo, elección de horarios ou grupos.

Débese separar a coordinación de recursos multimedia e de biblioteca xa que ambas as dúas teñen a suficiente importancia como para ser independentes.

Débese crear unha comisión de convivencia así como unha comisión de Coordinación de Proxectos Europeos

O equipo de dinamización da lingua galega debe ser "Equipo de dinamización e normalización da lingua galega" e ademais debe establecerse no ROC as súas funcións definindo como principal obxectivo o fomento do uso do galego.

Non compartimos incluír entre as funcións dos Departamentos a elaboración das probas encomendadas pola Consellería se estamos a referirnos ás do nivel intermedio e avanzado. Hai que asegurar que as probas sexan realmente unificadas a nivel de Galicia. Por este motivo deben ser feitas por as mesmas persoas para toda a Comunidade Autónoma e se a fórmula é o famoso comité de expertos debe ser de forma voluntaria e coas reducións pertinentes.

É imprescindible definir que se entende por talleres de prácticas do idioma e como se artellan estes.

Entendemos que todo o que ten que ver coa avaliación da función pública docente debe quedar supeditada ao desenvolvemento do Estatuto da Función Pública Docente pero advertimos á Administración de que esqueceu incluír na avaliación á inspección e á propia administración educativa.

Mención aparte merece a disposición adicional 2ª. Se non se define e concreta o tipo de ensinanzas que se poden impartir nos IES, quen as controla, quen as avalía...teríamos que opoñernos a esta modalidade.

A CORUÑA C. P. 15008
Avda. Alfonso Molina, km 2, 3.º andar
Telf. 981 145 895 / Fax 981 145 899
scensino.coru@galicia.ccoo.es

SANTIAGO C. P. 15703
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 8, 1.º andar
Telf. 981 551 836 / Fax 981 551 821
ensino.stgo@galicia.ccoo.es

FERROL C. P. 15402
Rúa María 42-44
Telf. 981 369 336 / Fax 981 350 353
scensino.ferrol@galicia.ccoo.es

LUGO C. P. 27002
Rolda da Muralla 58, 5.º andar
Telf. 982 221 060 / Fax 982 245 907
scensino.lugo@galicia.ccoo.es

VIVEIRO C. P. 27850
Rúa García Doriga s/n
Telf. 982 561 001 / Fax 982 561 025
ucamari@galicia.ccoo.es

OURENSE C. P. 32003
Parque San Lázaro 12, 3.º andar
Telf. 988 392 256 / Fax 988 251 400
scensino.oure@galicia.ccoo.es

O BARCO C. P. 32300
Praza de España, 2 baixo esq.
Telf. 988 322 034 / Fax 988 325 159
ensino.valde@galicia.ccoo.es

PONTEVEDRA C. P. 36002
Rúa Pasantería 1, 2.º andar
Telf. 986 866 276 / Fax 986 869 784
scensino.pont@galicia.ccoo.es

VIGO C. P. 36212
Rúa das Teixugueiras 11 entrecrán
Telf. 986 246 847 / Fax 986 246 848
scensino.vigo@galicia.ccoo.es

VERÍN C. P. 32600
Avda. Portugal 3-5
Telf. 988 410 641 / Fax 988 410 641
lsverin@galicia.ccoo.es

